



Concello de Guitiriz

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2020/5	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	28 de maio de 2020
Duración	Desde as 19:50 ata as 21:40 horas
Lugar	Sala de sesións da Casa Consistorial
Presidida por	Marisol Morandeira Morandeira
Secretario	Rafael José del Barrio Berbel

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33554944Z	Ainara Pérez Losada	SÍ
33310371T	Angel Seoane Lamela	NON
33860503H	Carlos Placido Bujan Lopez	SÍ
33852173Z	Francisco José Penas Pardo	SÍ
32822479F	Laura Ageitos Miragaya	SÍ
32776632E	Marisol Morandeira Morandeira	SÍ
33844142X	María Manuela Carballeira García	SÍ
76577601K	Monica Vázquez Lago	SÍ
33346610Z	Paula Campo Barral	SÍ
33317872A	Pilar Vazquez Ares	SÍ

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

33826774F	Xosé Lois González Souto	SÍ
33843554C	Xosé María Teixido Nuñez	SÍ
33538075G	ivan morado corral	SÍ
33852423B	jose ferreiro fernandez	SÍ
Escusas de asistencia presentadas: 1. Angel Seoane Lamela: «Ausencia xustificada»		

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión ordinaria de 30-01-2020, e das sesións extraordinarias de datas 3-03-2020, 9-03-2020 e 28-04-2020

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sometidas a votación a acta da sesión ordinaria de 30-01-2020, e das sesións extraordinarias de datas 3-03-2020, 9-03-2020 e 28-04-2020 son aprobadas por unanimidade dos 12 concelleiros/as asistentes.

Aprobación inicial do Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Guitiriz. EXPTE 110/2020.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A proposta de acordo ditaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno é a seguinte:

"APROBACION INICIAL DO REGULAMENTO DE HONRAS E DISTINCIONS DO CONCELLO DE GUITIRIZ. EXPTE 110/2020.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vista a necesidade de aprobar un regulamento de honras e distincións do Concello de Guitiriz.

Por Providencia da alcaldía de data 31/01/2020 iniciouse o correspondente expediente para a aprobación dun regulamento de honras e distincións no Concello.

Visto o proxecto de regulamento redactado polo servizos municipais.

Visto o informe xurídico de secretaría de data 07/02/2020.

Visto o proxecto de regulamento modificado incorporando algunhas das suxerencias dos grupos municipais realizadas na sesión plenaria de data 3/03/2020.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d), 25.2, 47.1, 49, 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Esta alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame favorable da comisión informativa de asuntos do Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Regulamento de honras e distincións do Concello de Guitiriz que incorporase como Anexo I.

SEGUNDO. Abrir un período de información pública durante un prazo de 30 días mediante a publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, para que poidan presentarse reclamacións e suxestións. De non producirse alegacións, o regulamento considerarase definitivamente aprobado."

Aberto o debate pola presidencia o voceiro do grupo PP di que a competencia para a aprobación dun regulamento ou ordenanza correspóndelle ao Pleno da corporación de acordo con artigo 22.2 segundo a Lei Reguladora das Bases de Réxime local de 2 de abril.

As Administracións Públicas no exercicio da iniciativa legislativa e da potestade regulamentaria actuando de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia. Na exposición de motivos ou no preámbulo, segundo se trate, respectivamente de anteproxectos de lei ou de proxectos de regulamento, quedará suficientemente xustificada a súa adecuación a devanditos principios, como así ven reflectido no apartado 1 do artigo 129 de Lei 30/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común.

Tamén haberá unha consulta pública a través da paxina web municipal e si o regulamento afecta os dereitos e intereses lexítimos das persoas.

Tanto na fase de consulta como na de audiencia os documentos publicados serán claros e concisos e con toda a información precisa. Neste caso, tendo en conta que o regulamento municipal non ten efectos directos nas administracións poderase prescindir dos tramites de consulta e audiencia.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Os regulamento deberán publicarse no diario oficial correspondente, no BOP, e o regulamento de Honras e Distincións do Concello de Guitiriz desenvolve a pos testade regulamentaria e a capacidade de auto-organización das corporacións locais.

Dado que as propostas presentadas polo PP de Guitiriz foron maioritariamente aceptadas o noso voto é favorable co que xa non necesitamos segunda quenda.

O voceiro do grupo BNG di que estamos de acordo co regulamento e animamos a toda a xente de Guitiriz que si teñen algunha suxerencia para engadir que o fagan, hai un prazo de 30 días dende a publicación no BOP.

A Sra. Alcaldesa di que este regulamento foi unha iniciativa do grupo de goberno xa que nos parecía importante ter un regulamento. Neste caso a idea partiu para poder nomear o pavillón co nome de Jonathan Carro, veciño de Guitiriz, falecido recentemente e a raíz de aí foi cando decidimos facer a proposta deste regulamento. Na liña na que estamos actuando de contar con toda a corporación neste tipo de actuacións que se van a manter co tempo, non soamente mentres os que estamos agora neste pleno continuemos aquí, non tivemos ningún problema en incorporar as suxerencias feitas polos grupos municipais que nós pareceron axeitadas.

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade dos 12 concelleiros/as asistentes.

Solicitud de “Joca Ingeniería y construcciones, S.A” de bonificación da cota do ICIO da obra de Rehabilitación e ampliación de edificio para residencia de persoas da 3ª idade na rúa do Concello nº1-3 de Guitiriz. Expte: 682/2018.

Favorable

Tipo de votación:
Ordinaria
A favor: 11, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 0

A proposta de acordo ditaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno é a seguinte:

"Solicitud de “Joca Ingeniería y construcciones, S.A” de bonificación da cota do ICIO da obra de Rehabilitación e ampliación de edificio para residencia de persoas da 3ª idade na rúa do Concello nº1-3 de Guitiriz. Expte: 682/2018.

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 3QLF4Z35TQXSWZ56PEXXYDEL | Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 25



Concello de Guitiriz

Dona Maria Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

-Escrito da mercantil "Joca Ingeniería y construcciones, S.A", con CIF A06009104, de data 17/04/2019, RE nº 145, representada por don Joaquín Alberto Alfambra Subias, no que expón que foi adxudicataria do contrato de obra "Construcción de residencia de atención a persoas da terceira idade (EX009OB18AB)" por acorda XGL da Deputación de Lugo e data 22/03/2019, e solicita de acordo co artigo 6 da ordenanza fiscal municipal do ICIO unha bonificación do 50% na cota do imposto municipal de construcións, instalación e obras, previa declaración de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas e de fomento do emprego. Adxunta entre outra documentación poder de representación e contrato administrativo de obra formalizado en data 2/04/2019 coa Deputación Provincial de Lugo.

-Licenza de obra concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de data 5/02/2019 á Deputación Provincial de Lugo á licenza de obra solicitada para a "Rehabilitación e ampliación de edificio para residencia de persoas da 3ª idade na rúa do Concello nº1-3 de Guitiriz", de acordo co proxecto básico modificado de abril de 2018 e proxecto de execución modificado de agosto/novembro de 2018 do arquitecto don Luis Asorey Daviña (Asorey Arquitectura, S.L.).

-No citado acordo considérase á mercantil "Joca Ingeniería y construcciones, S.A" en calidade de contratista adxudicatario da obra "Construcción de residencia de atención a persoas da terceira idade" por parte da Deputación Provincial de Lugo, como interesada no presente procedemento (artigo 4.1 da Lei 39/2015) e suxeito pasivo substituto do contribuínte nos tributos municipais relacionados coa obra autorizada (artigos 23.2b) e 101.2 do Texto refundido da Lei de facendas locais e cláusula 22.5 b) do PCAP regulador da contratación da obra (EX009OB18AB), aprobando a seguinte liquidación provisional da taxa por licenzas urbanísticas e do imposto de construcións, instalación e obras, de acordo cos elementos tributarios que se indican a continuación:

OBRIGADO AO PAGO TRIBUTO	BASE IMPONIBLE (OEM)	TIPO DE GRAVAME	COTA TRIBUTARIA (OEM)
Joca Ingeniería y construcciones, S.A CIF: A06009104			
Taxa por Licencias Urbanísticas	1.270.000,00	0,12%	1.524,00 euros
ICIO	1.270.000,00	2,2%	27.940,00 euros

TOTAL: 29.464,00 euros

-Recurso de reposición presentado "Joca Ingeniería y construcciones, S.A" en data 5/03/2020.

-Informe de intervención de data 17/04/2020 no que conclúe o seguinte:

"(...) V) CONCLUSIÓN:

Por todos estos argumentos o informante estima que procede acceder á petición de

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

bonificación do 50 por cento da cota do ICIO por construción dunha residencia para maiores "Casa da Botica", segundo a solicitude do interesado que figura nos antecedentes así como realizar unha nova liquidación provisional tomando como base impositiva a cantidade inicial de 637.740,92 euros, quedando suxeita á liquidación definitiva que resulte da finalización das obras."

-Decreto de alcaldía data 20/04/2020 de estimación do recurso de reposición do seguinte tenor literal:

"(...) PRIMEIRO.- Estimar o recurso de reposición interposto pola mercantil "Joca Ingeniería y construcciones, S.A" en data 5/03/2020, RE nº E65, en calidade de contratista adxudicatario da obra "Construción de residencia de atención a persoas da terceira idade", contra a liquidación provisional da taxa por licenzas urbanísticas e do imposto de construcións, instalación e obras por importe de 29.464,00 euros, de acordo co sinalado no informe de intervención de data 17/04/2020.

SEGUNDO.- Aprobar en consecuencia coa anterior, a seguinte liquidación provisional da taxa por licenzas urbanísticas e do imposto de construcións, instalación e obras, de acordo cos elementos tributarios que se indican a continuación:

<u>OBRIGADO AO PAGO TRIBUTO</u>	<u>BASE IMPOÑIBLE (OEM)</u>	<u>TIPO DE GRAVAME</u>	<u>COTA TRIBUTARIA (OEM)</u>
Joca Ingeniería y construcciones, S.A CIF: A06009104			
Taxa por Licencias Urbanísticas	637.740,92	0,12%	765,29 euros
ICIO	637.740,92	2,2%	14.030,30 euros

TOTAL: 14.795,59 euros

Notificar a presente liquidación provisional á mercantil "Joca Ingeniería y construcciones, S.A nos termos dos artigos 102, e 109 e concordantes da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, sen prexuízo da contestación á solicitude de bonificación do 50% na cota do ICIO que resolverase polo Pleno da Corporación na seguinte sesión plenaria.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución aos interesados e comunicalo aos departamentos municipais afectados para o seu coñecemento e efectos oportunos."

Considerando a seguinte normativa específica de aplicación ao presente expediente:

-Artigos 23 e 101 do Texto refundido da lei de facendas locais, aprobado por RDL 2/2004, do 5 de marzo.

- Artigo 6 da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa por Licencias Urbanísticas e a Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (BOP de 25/02/2012).

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Considerando a competencia municipal na materia atribuída polo artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), e as atribucións concedidas ao Pleno polo artigo 22.2 da LBRL.

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 3QLF4Z35TQXSWZ5E56PEXXYDEL | Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 25



Concello de Guitiriz

Propoño ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de asuntos do Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Conceder a “Joca Ingeniería y construcciones, S.A”, con CIF A06009104, unha bonificación do 50% na cota do imposto municipal de construcións, instalación e obras solicitada de acordo co artigo 6 da ordenanza fiscal municipal do ICIO, por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego para declarar a obra de Rehabilitación e ampliación de edificio para residencia de persoas da 3ª idade de especial interese ou utilidade municipal, polo que a cota a abonar do ICIO será 7.015,15 euros.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado e aos departamentos municipais afectados para o seu coñecemento e efectos oportunos."

Aberto o debate pola presidencia o voceiro do grupo PP di que unha vez leido os antecedentes e a lexislación aplicable as seguintes consideracións conforme ao artigo 12 do R.D.L 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, letra a) do apartado 2 do artigo 103, prevense para as ordenanzas fiscais ata unha bonificación do 95%.

O Concello de Guitiriz cumprindo a legalidade dispuxo no artigo 6 da súa ordenanza fiscal reguladora no ICIO, porcentaxe de bonificación será do 50% debendo presentar esta empresa a seguinte documentación: solicitude de bonificación e xustificación de que esas construcións e instalacións teñen unhas circunstancias sociais, culturais histórico artísticas ou de fomento do emprego.

Esta claro que esta empresa cumpre todos os requisitos requiridos segundo o recurso de reposición interposto ante o Concello de Guitiriz, dándolle a razón a empresa.

Nós o que queremos dicir é que a data de inicio e finalización das obras sexan as reais e non como se fixo ata agora que sempre levou a culpa o PP, e como non a Xunta de Galicia, sobre todo o PP de Guitiriz, que nós nos apoñiamos a dita obra, cando non é certo, nós nunca nos opuxemos a facer unha residencia da terceira idade, si nos opuxemos a facela onde estaba prevista.

O voceiro do grupo BNG di que a letra a) do apartado 2 do artigo 103 do Texto Refundido das Facendas Locais permiten que as ordenanzas fiscais poden prever unha bonificación do 95% a favor das construcións que sexan declaradas de especial interese, utilidade municipal ou fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

Neste concello dispúxose que o ICIO pode bonificarse ata o 50% sempre e cando se xustifique e que as instalacións, construcións ou obras teñan un especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego. Esta empresa non xustifica adecuadamente o anterior.

Con respecto ao especial interese ou utilidade municipal da obra por circunstancias de tipo social, sabemos que van ser 26 prazas para residentes, pero para un concello de máis de 5.000 habitantes e a poboación envellecida son/somos moi poucos os vellos que van ter este servizo, a porcentaxe e de 1,46% de persoas do total de anciáns de Guitiriz que terían a posibilidade de beneficiarse desta residencia, o calculo esta feito sobre 1783 persoas maiores de 65 anos a finais do 2019.

En canto ao interese municipal da obra por circunstancias culturais, si o cumpre,

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

porque a construción da residencia faise aproveitando un edificio catalogado e protexido (Casa da Botica).

No que se refire ao especial interese por concorrer circunstancias de fomento do emprego, esta claro que pouco emprego vai a supoñer para Guitiriz, tanto na construción como despois cando funcione, polo que temos que estar atentos por si a empresa ten que investir mais do orzamentado para construír a residencia por si hai que arranxar contas en relación con este imposto cando remate a obra.

O interventor municipal di que en calquera caso hai como dous hipóteses na valoración que fai o Pleno, que faga unha valoración discrecional ou que teña que facer unha valoración técnica. A xurisprudencia dinos que a valoración que se fará é unha valoración técnica. Cando o Secretario e eu o estudamos, chegamos a conclusión que no caso de adoptar nós outro criterio, o perderíamos nun tribunal. Eu entendo, que si unha persoa le a lei, di que hai que estudar con detalle todos os puntos, na práctica a pouco que se cumpra unha serie de mínimos parámetros ten dereito a esa bonificación.

A Sra. Alcaldesa aclara que nun principio, como ben acaba de dicir o interventor, parecía que non estaba moi claro que se lle puidera conceder a bonificación, despois profundizando un pouco mais vimos que había algunha sentenza que lle daba a razón a empresa nesta mesma situación, entón facendo unha valoración entre o que ía supoñer a bonificación e o que nós ía costar peitealo, decidimos concederlle a bonificación co criterio do Secretario e Interventor.

Con respecto ao que comentaba o portavoz do BNG, si despois hai unha ampliación do orzamento faríase unha liquidación complementaria, iso a empresa xa o sabe, sería automático.

O secretario di que Inicialmente ese foi o plantexamento, pero logo en vista da xurisprudencia que atopamos vimos que o máis prudente e por maior seguridade xurídica era conceder a bonificación e evitar un contencioso coa empresa, que a larga tiña bastantes posibilidades de prosperar, por iso revisouse a decisión inicial e creuse que era o mais axustado a dereito.

Na segunda quenda o voceiro do grupo PP di que si a ordenanza do concello di que se pode conceder ata un 50% e cumpre, pois xa esta.

O voceiro do grupo BNG di que entendeu perfectamente a explicación tanto do Secretario como do Interventor, pero dixen que había que estar vixiante do gasto que vai supor a obra e si é mais, esta claro que ten que pagar a diferenza. Non imos a votar en contra.

Sometido o asunto a votación é aprobado por 11 votos a favor dos grupos PSOE e PP, e 1 abstención do grupo BNG.

Moción BNG en relación ao Regulamento das Condicións de Uso, Mantemento e Conservación das Vías Municipais do Concello de Guitiriz.. Expediente

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 3QLF4Z35TQXSWZ56PEXXYDEL | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 23



Concello de Guitiriz

319/2020.

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

O voceiro do grupo BNG proponente da moción retira a moción porque gran parte do que proponía xa esta engadido na ordenanza municipal tala de madeira para a protección do camiños públicos. Non se debate a moción ni se somete a votación.

Moción BNG para a elaboración dun plan galego de reactivación económica. Expte. 467/2020

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 8, En contra: 4,
Abstencións: 0, Ausentes: 0

MOCIÓN BNG PARA A ELABORACIÓN DUN PLAN GALEGO DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA. Expte. 467/2020

Exposición de motivos

A crise económica e social que xa estamos a vivir como consecuencia da pandemia da covid-19, vai ter unha virulencia especial en Galiza, cunha situación económica xa moi debilitada e dependente.

Nesta situación é imprescindible facer políticas atrevidas, valentes e decididas que rachen coa dinámica de parcheo que o único que fai é sustentar o sistema e rebota os efectos da crise sobre os sectores máis desfavorecidos, sobre as clases populares. Os grandes beneficiados, se non o remediamos serán a banca e as grandes corporacións económicas.

Os concellos non teñen competencias estruturais en materia económica e política fiscal. As decisións que se poidan adoptar para facer fronte á crise dende o ámbito local van depender das medidas legislativas e executivas que se adopten polo Estado español e pola Xunta de Galiza.

Para que a administración local poida despreparar a súa capacidade de actuación nesta situación é fundamental a derogación da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (lei Montoro), xa que esta lei recolle regras fiscais (estabilidade, regra de gasto e débeda) para priorizar o pago da débeda aos bancos.

Esta lei deriva da modificación do art. 135 fa Constitución española en 2011. Sen a derogación desta norma as posibilidades de actuación das diferentes administracións veríanse moi minguadas, e quedarían en actuacións de beneficiaria.

Están a ser cada vez máis preocupantes as informacións en distintos medios de

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

comunicación da intención do Ministerio de Facenda de utilizar os depósitos remanentes municipais, no canto de permitir que sexan utilizados polos concellos en actuacións da súa competencia. Esta decisión deixaría á administración local sen ningunha capacidade de acción.

Nunha situación como a que estamos a vivir é fundamental a elaboración de mecanismos de solidariedade social nacionais: claridade dos recursos dispoñíbeis en cada nivel de intervención pública, priorización no emprego colectivo destes recursos para que cheguen a quen os precisa (sen que dependa do concello no que residan) e exercicio responsábel das competencias de cada institución, evitando duplicidades, solapamentos e baleiros inadmisíbeis.

Para isto faise preciso a elaboración dun plan galego de reactivación económica e social, consensado entre as distintas administracións, forzas políticas, sectores e axentes sociais. Este proceso debe estar dirixido polo goberno galego e refrendado polo Parlamento Galego.

A FEGAMP, como asociación dos concellos e deputacións galegas, debe xogar un papel fundamental, sen delegar na FEMP a representación dos concellos galegos. Os concellos galegos van ver máis diminuída a súa capacidade de intervención, investimento e gasto se a interlocución municipal ten como referencia o mapa municipal estatal.

Dada a estrutura da economía galega, cunha elevadísima porcentaxe de traballadores e traballadoras por conta propia e pequenas empresas, o plan galego debe ter especialmente en conta a súa situación e establecer axudas directas, complementarias das do estado, para que podan seguir a desenvolver a súa actividade. Debe haber unha actuación urxente do goberno galego a estes sectores da economía, como xa aprobaron outras comunidades autónomas.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

1.- Instar a Xunta de Galiza á iniciar a elaboración dun plan galego de reactivación económica, consensado con todas as administracións, forzas políticas, axentes e sectores sociais.

Este plan debe delimitar claramente as competencias das distintas administracións, para evitar duplicidades e baleiros no emprego dos recursos públicos.

2.- Instar a Xunta de Galiza á elaboración con urxencia dun plan galego de axudas, que complemente as medidas do estado, a autónomos e pemes.

3.- Instar á FEGAMP e á Xunta de Galiza a esixir a derogación da Lei Montoro para permitir que os concellos poidan desenvolver toda a súa capacidade de investimento e gasto.

4.- Manifestar a firme oposición da corporación municipal a calquera pretensión do

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Ministerio de Facenda de incautar ou bloquear os fondos municipais.

Aberto o debate pola presidencia o voceiro do grupo PP di que volveu contestar ao partido mais insolidario que hai en Galicia, porque ademais en Lugo, no concello, o PP quixo facer algo similar e votou en contra o BNG.

Vou contestar punto por punto

As previsións económicas anunciadas nestes últimos días pola Unión Europea mostran un escenario moi preocupante xa que sitúan a España entre os países da UE que rexistraron una maior recesión económica, una suba do paro e un aumento da débeda. É obvio que a situación do goberno de España non é a idónea para afrontar una crise destas características.

O orzamento de España do 2018 aprobado por Rajoy, xa que en dous anos o Goberno de Sánchez foi incapaz de aprobar un orzamento. O Goberno non dispón da estabilidade necesaria para afrontar una crise como esta. Pola contra, en Galicia hai un Goberno estable que conta cun orzamento en vigor que está a axudar e reactivar a economía e manter os servizos públicos, en toda caso Galicia xa puxo en marcha un Comité de Expertos económicos encargados de propoñer medidas en distintos eidos para afrontar a nova situación económica e para minimizar o impacto da pandemia na economía galega. As medidas deste Comité trasladonse aos interlocutores sociais, grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia e do Goberno Central.

O obxectivo é que a crise do coronavirus teña un menor impacto en Galicia e cas empresas galegas estean apoiada para manter o maior emprego posible.

A nivel económico para o goberno galego hai dúas prioridades: a protección da saúde das persoas e ofrecer liquidez inmediata a autónomos, PEMES e familias.

En Galicia está aberto un diálogo social das materias de transformación industrial, transición enerxética xusta, políticas activas de emprego e igualdade laboral, entre outras. Ademais produto da colaboración entre todos os axentes a Xunta xa aprobou diversas medidas económicas para insertar liquidez inmediata a Pemes, autónomos que están a sufrir os efectos do estado de alarma:

1ª Unha liña de financiamento a través de préstamos avalados que permitira mobilizar no tecido empresarial galego douscentos cincuenta millóns de euros, avalando ata douscentos mil a cada negocio para atender as súas necesidades como pago de salarios, alugueres ou impostos. Outorgaríanse catro anos para amortizar estes préstamos e a Xunta a través do IGAPE subvenciona a fondo perdido un importante equivalente a suma dos xuros dos préstamos concedidos ao abeiro desta liña de financiamento.

2ª Aprazamento das cotas de amortización e xuros dos préstamos formalizados coa Xunta de Galicia a través do IGAPE e Xesgalicia, suman douscentos sesenta e cinco millóns de euros.

Entre outras medidas:

- Dotar de liquidez a tesoureira autonómica para axilizar o pago aos provedores que traballan para a Administración autonómica (que tome nota o Concello de Guitiriz).
- Anticipo de ata mil cincocentos euros (750 ao mes) aos traballadores por ERTE xa autorizados e que seguen agardando polo Goberno Central para o abono das súas prestacións.

Por outra banda reforzar as axudas destinadas ás persoas máis vulnerables: renda de inclusión social de Galicia (RISGA), adiantando o seu pagamento una semana,

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

facilitando a súa tramitación e permitindo que persoas que superen os sesenta e cinco anos seguir cobrando a prestación.

Incrementarase en trescentos dez mil euros, un 10% máis, que o orzamento inicialmente destinado a axudas de inclusión social e aprobouse a maior orde de axudas para as entidades sociais de inclusión da historia de Galicia, 18,3 millóns euros.

No Consello da Xunta do pasado 15 de maio fíxose público que se concederán axudas ao alugueiro e tamén axuda extraordinaria as familias galegas que actualmente son beneficiarios do bono de alugueiro social ou quenes os próximos meses o soliciten e se incorporen ao programa. Deste xeito estimase que unhas 1000 familias non terán que aboar nada pola renda da súa vivenda durante o que resta de ano, ao que se engaden outras 3500 familias que ocupen vivendas de promoción pública en réxime de aluguer.

A lei de estabilidade elaborada por Rajoy de 2012 foi un instrumento clave para sanear as contas públicas de España porque hai que lembrar como estaban as contas cando chegou Rajoy ao Goberno. O déficit público estaba no 10%, é dicir, España estaba practicamente en quebra, o goberno de Rajoy consígueo baixalo ao 2,5%. España tiña un déficit de cen mil millóns de euros, herdanza do Goberno de Zapatero, que por certo apoia o BNG, como tamén están apoiando agora a estes.

Esta lei tiña como obxectivo aprender do que ocorreu na anterior crise para non repetir os mesmos erros e aproveitar o momento de bonanza económica para a controlar o déficit e a débeda pública, este obxectivo cumpriuse e por eso insistimos en que o goberno de Rajoy reduciu o déficit do 10% ao 2,5%, e as Comunidades Autónomas foron reducindo o seu déficit progresivo e os concellos pasaron a ter superávit orzamentario.

Lamentablemente o actual goberno de Sánchez parece que non aprendeu a lección do 2019 volvendo aumentar o déficit público pese ao crecemento económico que houbo o ano pasado.

Hai que lembrar que o goberno de Rajoy xa pactara en 2018 coa FEMP permitir a autorización do superávit orzamentario para mellorar a vida dos veciños e veciñas.

Neste mesmo sentido o Grupo Popular no Congreso dos Deputados xa instara ao Goberno o 11 de abril, cunha proposición non de lei a que permitirá o uso do 100% do superávit dos concellos para a loita contra o coronavirus.

O PP opoñeráse a calquera intento de incautación do remanente de tesourería e dos aforros dos concellos, que é o que pretenden facer agora, esperemos que o partido socialista non se deixe levar por Podemos.

Os recursos das entidades locais non poden ser a táboa de salvación para un Goberno que dende xuño de 2018 foi incapaz de aprobar os orzamentos xerais do Estado, estivo máis pendente da propaganda que da xestión seria e rigurosa dos recursos de todos os españois, que negou as corporacións locais e as comunidades autónomas os ingresos que lle corresponden por lei e que conseguiu o gran logro de incrementar o déficit público dende 2012.

A Sra. Alcaldesa di que entendemos que dende todas as administracións temos que facer un esforzo importante para conseguir reactivar a economía. En situacións como esta, sen aumentar o déficit e difícil conseguir dar axudas e conseguir que as pequenas e medianas empresas, que ao final son as que manteñen o tecido deste país, continúen a funcionar, que é o que mais nos interesa, que todos estes

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

autónomos que tiveron que paralizar a súa actividade ou pechar por motivo do Covid, que consigan saír a diante.

Ese bo facer económico que nos relatou o portavoz do PP respecto dos gobernos do Estado, fixéronse tamén con cargo aos concellos que tiñan unha situación saneada, o déficit global español tamén se conseguiu sanear en base a boa situación de moitos concellos do noso país, entón entendo que a miña posición dende o concello é defender que me deixen investir o remanente ou superávit da boa xestión que se fixo aquí ao longo do tempo no noso concello, que me deixen investir no noso concello, entendo que é o que temos que defender como corporación, independentemente que teñamos que cumprir con todas as normas e que non nós permitan endebedarnos novamente aos concellos porque como xa se viu no seu momento, iso causou unha crise económica moi grande no país.

Eu como alcaldesa defenderei que o superávit do concello poida investilo no meu concello para axudar as empresas e ao tecido industrial do noso concello.

Entendo que todos debemos arrimar o ombreiro para conseguir saír desta situación. Debemos estar moi vixiantes de que de todo isto non se beneficien os bancos, porque moitas veces eses créditos que se conceden non están controlados suficientemente e a pesar de que o aval ven directamente do Estado ou da Xunta, as entidades financeiras quérense aproveitar desta circunstancia e iso sábeno moi ben os autónomos e pequenas empresas do noso concello, que moitas veces atópanse con este problema.

Entendo que é momento de arrimar o ombreiro e que todas as institucións e Administracións do Estado loiten por conseguir para que retomen a actividade o maior número de empresas, se aprendemos algo desta situación é que se sae dela cuns servizos públicos reforzados, e dicir, cunha sanidade con efectivos suficientes para loitar contra esta situación que é a que vivimos e recordo que na Xunta de Galicia os gobernos do PP non se distinguiron por manter a sanidade, recortáronse efectivos e prazas durante moitos anos, entón creo que debemos apoiar aos gobernos e administracións que manteñan unha sanidade pública que de o mesmo acceso a todos e todas, é isto debe ser o primordial para saír desta situación e non volver a caer nela.

Polo tanto todo o que sexa colaborar e apoiarnos unhas as outras as distintas administracións que representan ao Estado no nosos territorio (Estado, CCAA e Concello) debemos intentar entre todos facer un plan de reactivación para apoiar aos nosos empresarios/as e aquí neste concello vémolo claramente porque o tecido industrial mais importante son pequenos autónomos/as e empresas de menos de 10 traballadores/as. Todos eses planes que veñan de calquera administración terán o noso apoio e dende logo estamos dispostos a colaborar cos nosos investimentos e orzamentos.

Na segunda quenda o voceiro do grupo BNG di que antes de nada, voulle contestar ao PP en relación ao Comité de Expertos co que se xuntou Feijoo, non contou con delegados sindicais, con ningunha administración, nin deputación, nin concellos, nin a FEGAMP, nin con ningunha forza política maioritaria, xa sabemos que o PP non conta con ninguén.

O mellor que fixo Feijoo nestes sesenta e pico días, foi saír na televisión de Galicia, unha televisión pública, solo lle faltou saír nos anuncios.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Todas estas axudas que nomeou o portavoz do PP, a vivenda, alugueres etc., teño que dicirle que o ano que ven cando haxa que facer a declaración da renda, os usuarios que a reciben as axudas as van ter que declarar, porque non llo din agora aos usuarios?.

Por suposto a lei Montoro hai que derogala, ese aforro como di o PP, eses cartos que temos de remanente no pode saír dos concellos, xa o dixo moitas veces o BNG, coa lei Montoro , estivemos pagando os concellos pequenos o que non fixeron ben os grandes.

O voceiro do grupo PP di que falaba vostede da boa xestión económica, esa boa xestión económica debese fundamentalmente a María Jose que lle deixou moitos cartos a Sr. Polín e en segundo lugar a xestión económica que fixo Teixido, porque atopou un concello endebedado de tal maneira que non había cartos para pagar a luz publica, cousa que vostede non atopou porque as leis do Estado prohibían facer investimentos ao tolo como se fixo en moitos concellos, porque a culpa moitas veces de que os concellos vaian mal e da propia corporación e dos propios alcaldes ou alcaldesas, xa que para a esquerda os cartos non teñen dono, gástanse e xa esta.

O que ten que ser un alcalde e un bo xestor e por outra parte dicirle ao Sr. Pereira que claro que hai que declaralas, igual que calquera subvención, a vostede si lle dan unha subvención por exemplo para arranxar a súa casa, cando faga a declaración tena que declarar.

Faime gracia que fale a Sra. Alcaldesa da sanidade galega, cando esta é das mellores de España, iso por unha parte, e por outra esta foi unha das Comunidades Autónomas que mellor funcionou durante a crise.

Dicirle ao Sr. Pereira que vostede fala de solidariedade entre administracións pero os primeiros insolidarios son vostedes, solo son solidarios cos seus militantes, nunca gañaron en ningún sitio, soamente en 3 ou 4 ou 10 concellos, no resto sempre viviron a carón dos demais, sobre todo do PSOE.

A Sra. Alcaldesa di que dende que vivo en Guitiriz, gobernaron 13 anos o PP e 13 anos o PSOE, pero xa vexo que para o PP, cando foron ben as cousas no concello era porque gobernada o PP e cando gobernou o PSOE foi porque as leis xa nos dicían o que tiñamos que facer, co que xa non tiñamos nada que decidir, e dicir o mérito foi o do PP ou das leis.

Por outro lado tamén teño que dicir que si temos a sanidade que temos en Galicia non foi gracias as decisións que se tomaron dende a Xunta desde que governa o Sr. Feijoo, senón gracias ao persoal e traballadores/as da sanidade pública que en situacións verdadeiramente increíbles, deron todo de si, cumprindo por encima do que lle esixían os seus contratos.

En canto ao que dixo de pago a provedores, voulle a recordar que este concello o ano pasado cumpriu coa norma de pago a provedores en 30 días. Teño que dicir, que a principios de ano a media pasase un pouco, polo peche do exercicio e o novo exercicio, pero debe saber que durante o mes de abril e maio pagáronse moitas facturas presentadas dentro do mesmo mes, intentamos que todos os provedores non tiveran que esperar, co cal, eu no quero sacarlle mérito a Xunta co seu pago a provedores pero tampouco quero que nadie llo saque ao Concello de Guitiriz.

Sometido o asunto a votación é aprobado por 8 votos a favor dos grupos PSOE e BNG, e 4 votos en conrra do grupo PP.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Trámite de urxencia

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Sra. Alcadesa xustifica a urxencia da proposta de "ACUERDO DE PARTICIPAR EN LA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES DEL MINISTERIO DE ENERGIA, TURISMO Y AGENDA DIGITAL (GESTIONADAS POR EL IDAE) "PROGRAMA DE AYUDAS A PROYECTOS SINGULARES DE ENTIDADES LOCALES QUE FAVOREZCAN EL PASO A UNA ECONOMÍA BAJA EN CARBONO EN EL MARCO DEL PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECIMIENTO SOSTENIBLE 2014-2020" Y COMPROMISO DE HABILITAR CRÉDITO SUFICIENTE PARA FINANCIAR LOS PROYECTOS. Expte. 109/2020.

Sometida a votación a urxencia é aprobada por unanimidade.

Expediente 109/2020. Subvencions Solicitadas a Outra Administración

Favorable

Tipo de votación:
Ordinaria
A favor: 8,
En contra:
0,
Abstención
s: 4,
Ausentes:
0

"ACUERDO DE PARTICIPAR EN LA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES DEL MINISTERIO DE ENERGIA, TURISMO Y AGENDA DIGITAL (GESTIONADAS POR EL IDAE) "PROGRAMA DE AYUDAS A PROYECTOS SINGULARES DE ENTIDADES LOCALES QUE FAVOREZCAN EL PASO A UNA ECONOMÍA BAJA EN CARBONO EN EL MARCO DEL PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECIMIENTO SOSTENIBLE 2014-2020" Y COMPROMISO DE HABILITAR CRÉDITO SUFICIENTE PARA FINANCIAR LOS PROYECTOS.

Expte. 109/2020

Doña Maria Sol Morandeira Morandeira, Alcadesa-Presidenta del Ayuntamiento de Guitiriz (Lugo), en uso de las atribuciones legalmente conferidas.

Vistos los siguientes antecedentes que constan en el expediente:

- Real Decreto 616/2017 del Ministerio de Energía, Turismo y Agenda Digital, de 16 de junio, por el que se regula la concesión directa de subvenciones a proyectos

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

singulares de entidades locales que favorezcan el paso a una economía baja en carbono en el marco del Programa operativo FEDER de crecimiento sostenible 2014-2020.

- Memoria mejora eficiencia energética ETAP Guitiriz con un coste elegible de 384.938,75 € (Trescientos ochenta y cuatro mil novecientos treinta y ocho euros con setenta y cinco centimos), firmada por el Ingeniero Técnico Industrial D. Eugenio Gacio Díaz

- Solicitudes de ayuda de fecha 18/02/2020 con nº de expediente 003968
- Requerimientos de subsanación recibido de IDAE con fecha de 06/05/2020, y con registro de entrada 2197.

- Aclaración de la memoria mejora eficiencia energética ETAP Guitiriz, que incluye planos y auditoria energética previa de la ETAP, de fecha 25/05/2020, firmada por el Ingeniero Técnico Industrial D. Eugenio Gacio Díaz

Considerando a seguinte normativa específica de aplicación ao presente expediente:

- Real Decreto 616/2017 del Ministerio de Energía, Turismo y Agenda Digital, de 16 de junio, por el que se regula la concesión directa de subvenciones a proyectos singulares de entidades locales que favorezcan el paso a una economía baja en carbono en el marco del Programa operativo FEDER de crecimiento sostenible 2014-2020.

Considerando lo dispuesto en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, do procedimiento administrativo común, y en el RD 2568/1986, de 28 de noviembre, que aprueba el reglamento de organización y funcionamiento de las corporaciones locales.

PROPONGO:

PRIMERO.- Participar en la convocatoria de subvenciones del Ministerio de Energía, Turismo y Agenda Digital (gestionadas por el IDAE) reguladas en el real decreto 616/2017, de 16 de junio, por el que se regula la concesión directa de subvenciones a proyectos singulares de entidades locales que favorezcan el paso a una economía baja en carbono en el marco del Programa operativo FEDER de crecimiento sostenible 2014-2020 y aceptar el procedimiento regulado en dicho RD.

SEGUNDO.- Solicitar el 80% del coste elegible de las actuaciones de:

“Mejora eficiencia energética ETAP Guitiriz”

Coste elegible y subvencionable 384.938,75 €

Ayuda solicitada: 307.951,00 €

TERCERO.- Asumir el compromiso de habilitar crédito suficiente para financiar las actuaciones planteadas en el caso de que resulten seleccionadas en esta convocatoria, para las siguientes actuaciones y con los siguientes importes:

- Mejora eficiencia energética ETAP Guitiriz por importe de 384.938,75 €

CUARTO.- Facultar a la Sra. Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira para las actuaciones precisas para la ejecución de este acuerdo, que fue designada alcaldesa del Ayuntamiento de Guitiriz, con CIF P2702200C, en Sesión Plenaria celebrada el día 15 de junio de 2019 y continuando en la actualidad desempeñando

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

el cargo."

Abierto el debate por la presidencia o voceiro do grupo PP di que dado o pouco tempo que tivemos para estudar este punto o noso voto vai ser a abstención porque non tivemos tempo para revisar a documentación.

O voceiro do grupo BNG di que esta solicitude non e urxente e urxentísima, agora ben, estamos en maio e a obra sen facer e os problemas da auga estarán aí en 3 meses.

Cumpriuse fai uns días un ano dende que comezaron a súa andaina no concello, creen que este ano non imos ter os problemas ca auga que tivemos estes anos?, non fixeron nada, están esperando ao verán para facer a obra, a ver que lle din aos veciños/as de Guitiriz?

Fixeron una auditoría como aconsellou o BNG, nós non sabemos si é completas e si vai valer de algo, pero xa tiña que estar feita para que a partir do mes de setembro poder dar un mellor servizo de auga a toda a veciñanza de Guitiriz.

Imos apoiar a solicitude xa que es urxentísima pero o que vemos e que están actuando dando pasos cando xa debería esta feito. Aos veciños/as non lles preocupa si se pide ou non a subvención, nin de onde saen os cartos, o que queren é un bo servizo de auga clara e potable cando abran a billa.

Como dixen imos apoiar esta petición, aínda que cremos que se fai con sete ou oito meses de retraso.

A alcaldesa responde que a petición fíxose no mes de xaneiro, cando correspondía, o que pasa é que co motivo da suspensións de prazos do estado de alarma o IDEA non estudou as subvencións, nin deu prazos para emendar os posibles erros, de feito estámolo subsanando antes de que volvan a contar os prazos administrativos porque o IDEA mandounos un e-mail onde dicía que si lle achegabamos a documentación, elas a recepcionaban antes do 1 de xuño, que é cando empezaría a contar o prazo de 15 días.

Cando a solicitamos, nós non sabiamos que ían suspender os prazos administrativos como estiveron suspendido dende o decreto de estado de alarma ata agora mesmo, que todavía seguen suspendidos.

Na segunda quenda o voceiro do grupo PP di que como ben dixen antes a nós non nos deu tempo a mirala e imos absternos.

O voceiro do grupo BNG di que vostede di que esta feito dende xaneiro e o estado de alarma comezou a mediados de marzo, penso que tempo tiveron.

A alcaldesa responde que non sabe que parte non entendeu, que cando o IDEA recibiu a solicitude non lle deu tempo a mirala antes do estado de alarma e durante o mesmo non estudou as solicitudes, co que nos mandaron un e-mail a semana pasada, pero a solicitude esta feita dende principios de febreiro.

O portavoz do BNG responde que en todo caso o importante é a obra e dar un servizo de auga potable aos veciños/as, a obra non tería que estar esperando pola subvención, o concello ten cartos suficientes para adiantar e solucionar un problema de servizo público aos veciños/as, pero si deixaron todo para facer no verán iso é outro tema, a obra podería estar feita.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Sometido el asunto a votación es aprobado por 8 votos a favor de los grupos PSOE y BNG, y 4 abstenciones del grupo PP.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL: ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS

Grupo PP

1. Que se limpen as beirarrúas nas vilas de Parga e Guitiriz
2. Que se bacheen as pistas que bordean o balneario de San Xoán
3. Que se arranxe a ponte de Portascoira en Mariz xa que o agora foi asfaltado, xa que os traballos hai que facelos ben e sempre que se poida na súa totalidade, polo tanto non so amañen o vaiado da Ponte, senón a Ponte na súa totalidade (creo que deben mirar os baixos da ponte, en que condicións se atopan).

Grupo BNG

1. O Concello se dirixe ás entidades bancarias para esixir que retomen os horarios habituais para así evitar as colas e aglomeracións diante das oficinas. Abanca de Parga está a abrir dous días á semana, os clientes teñen que agardar máis de media hora para seren atendidos. O Concello debe reclamar a súa total apertura tal como estaba hai 3 meses.
2. Para que o Concello se dirixa ao Sergas para apertura do consultorio de Parga no seu horario habitual, en todo caso para que marquen a data de reapertura.
3. Para que Concello e a Xunta como propietaria regulen e controlen a velocidade dos vehículos na Avenida da Paz en Parga, antes de que teñamos que lamentar un accidente.
4. Para que o Concello reclame a Xunta a transferencia da Rúa Rosalía de Castro para evitar coma o que acaba de ocorrer nos permisos de ocupación de dominio público a un veciño.
5. Que o Concello venda ou de de baixa a camión vello do lixo, non podemos seguir pagando reparacións como esta última de 13.599,00 €
6. Para que se tomen en serio os vertidos que estamos facendo no río, tanto os que producen a instalación de bombeo como os que existen dende hai anos e seguen a contaminar as augas do noso río.
7. Para que se arranxen as tres pontes de madeira e se instalen papeleiras no paseo da Parga Auga entre os Sete Muíños e a Ponte Vella, si non é en toda a ruta, nese tramo pasa moita xente e as pontes fáltanlle as varandas.

A alcaldesa responde que con respecto a este último rogo, dicir que as pontes e varandas están arranxando, de feito chegou o material a semana pasada para repoñer os anacos de

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

9ª. Pódenos dicir que foi o mais importante que fixeron nestes case oito meses que levamos de legislatura para mellorar a vida e o benestar dos cidadáns do concello?

Resposta:

En Medio Ambiente e Obras

Aglomeráronse:

- ü De San Salvador a Os Picotos
- ü Do Vilar (Sta Mariña) a Viladónega (Mariz)
- ü Carretera Fidalgos- Pena Leito
- ü Pena Moscosa a Iglexia (trasparga)
- ü Mesón da Cabra- Vilano- Iglexia Trasparga
- ü Iglexia Santa Leocadia- Digañe

- Contratouse, estando pendente de execución, o acceso dende Campo Verde a Corvite de Arriba (Buriz)
 - Bypass pantano en funcionamento actualmente.
 - Proxecto de mellora de depósitos de auga ETAP Guitiriz
 - Arranxo da Ruta da Auga en San Alberte (Socavón)
 - Arranxo da pasarela de madeira na Ponte- Veiga
- En proceso. A redacción do plan de incendios forestais incluíndo o convenio para establecer un sistema público de xestión de biomasa co fin de protexer as vivendas e núcleos de protección (Prazos paralizados. Non se poido continuar coa exposición pública).
- Remate da obra de mellora e eficiencia enerxética de alumado público de Guitiriz en varias rúas. Pendente de executar unha obra similar no núcleo de Parga
 - Arranxo socavón Rúa Nova
 - Arranxando socavón na Rúa río Forxá
 - Obra do pavillón (Pintura, chan,..)

En Servizos Sociais

- Dotación persoal servizo Madrugadores a través empresa externa para liberar o Progra Educación Familiar
 - Ampliación horario Concilia de 16 a 19 horas (antes de 16 a 18 horas)
- Dotación máis horas Educación familiar solicitando 3500 € máis para a súa adicación a dita
 - Xestión Consorcio e Consellería de Política Social: Escola Infantil.
 - Programa "Recreos con Froita" e ampliación a Centro de Parga e PAI
- Subvención Promoción da Igualdade: Incremento de petición de dotación (de 25.766 € a 30.000 €) ampliouse sobre todo a petición na área de Sensibilización en Igualdade.
 - Apoio á escolarización no momento COVID 19 (reprografía e internet)
 - Axudas ao material e transporte curso 2019/20 e agora 20/21
 - Continuación servizo atención psicolóxica
 - Obradoiros de relaxación
 - Obradoiros de autoestima
 - Aula da Calma (2 edicións)
- Sensibilización en Igualdade: Actuacións en tódolos centros educativos (contacontos e obr Teatro, Manifestación 8M, Merchandising para visibilización (pulseiras pancartas,...), edición "En Guitiriz sementamos Igualdade".
- Dotación de material informático e de xogo para o PAI a través de subvención.

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 3QLF4Z35TQXS2E506XXYDEL | Corrección: https://guitiriz.es/validacion/ | Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 23



Concello de Guitiriz

- Activación do servizo temporal e extraordinario de axuda no fogar
- Elaboración de pictogramas de accesibilidade coa colaboración do CEIP Lagostelle e o -IES Díaz Castro
 - Encontro interxeneracional Centro de día – Colexio CEIP Lagostelle
- Concesión da licenza para a construción e arranxo da Residencia de Maiores A Casa da Botica"
En Cultura e Turismo
 - Elaboración de material promocional: Reelaboración de material turístico.
 - Fomentar a presenza en feiras a través da Deputación.
 - Estanse a definir tamén estratexias de publicidade , tanto en prensa como en radio .
 - Colaboración co GDR Terra Chá na elaboración da guía publicitaria do xeodestino ao que pertencemos.
- 2- Organización de eventos que quedaron en suspenso (Festa da Cantería, callos e artesanía, y Festa da Torta de Millo) pero colaborouse na Cabalgata de Reis, Entroido, Festival de Pardiñas.
- 3- Continuase a traballar no SICTED (sistema de calidade turística en destino) en colaboración coas empresas do Municipio.
- 4- Tramitación de subvencións para promoción turística:
 - " O Teu Xacobeo". Para a colaboración con Festivales, como a subvención que se pide para o " Festival de Pardiñas" que é unha axuda que da a xunta aos Concellos que teñen festas declaradas de interese turístico , para a actividade sociocultural "Cultura no Camiño" , " Buxiganga", " Programa Musiqueando", "Promoción de artesanía" , (estas tres últimas son subvencións da Deputacion).
- 5- Organización de Obras de Teatro , talleres , cursos de formación .
 - 6- Se colaborou coa Deputacion no Programa Lugo Prende, bota raíces no rural axudando aos veciños que quixeran participar a tramitar a súa inscrición.
 - 7- A campaña de comercio local (rifas)
 - 8- Programa de actividades para dinamizar o comercio e hostalería local.
 - 10- Mantemento do baile dominical.
 - 11- Continuación das visitas guiadas
 - 12- Alta da biblioteca na rede Pública de Galicia

En Emprego

-Consolidación de postos de emprego público do Concello.Subvencións 2020: Aula CEMIT Rural, RISGA, Fomento do Emprego (socorrista), Voluntariado Xuvenil, Promoción Igualdade, Biblioteca, Plan Marco-Camiños, Arquivos, Rede Natura, Reserva Biosfera.

En Deportes

- 1.- Escolas deportivas municipais dende outubro ata maio con 12 modalidades para adultos sobre 350 participantes, paramos o 14 de marzo polo covid-19.
- 2.-Piscina municipal nos meses de verán.
- 3.-Estaban programados e suspendéronse polo covid-19 os seguintes eventos :
 - a.-carreira popular 5 de abril
 - b.-fase final da terra chá deporte escolar de fútbol sala
 - c.-provincial de ximnasia rítmica
 - d.-xornadas de técnificación de fútbol sala de 2 dias cos mellores xogadores/as de impartidas por entrenadores da selección española , convocaranse 2 xogadores /as de Guitiriz
 - e.-xornada de técnificación de porteiros de fútbol sala por entrenadores da selección española toda Galicia.
 - f.-campamento de 10 a 16 anos en xullo con actividades de surf—paddel surf—parque de

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

—e durmir 1 noite fora.

g- rutas de sendeirismo e de bici (en colaboración cos bteiros) todos os meses .

4.-Carreira popular virtual para recadar fondos.

5.-Charla sobre nutrición e hábitos saudables para adultos, celebrouse na casa habanera.

O Portavoz do BNG contesta que fai un ano díxenlle que non ía opinar sobre os salarios que cobra o equipo de goberno, pero creo que polo que me acaba de dicir estou convencido de que merecen ese salario.

Preguntas deste Pleno:

Grupo PP

1ª- Cando se vai abrir o consultorio de Parga?

Resposta: Eu sei que cando me chamaron para dicirme que pechaban, comprometéronse que se ía volver abrir, esta semana chamáronme de Sanidade para dicirme que se abriría ao longo da semana que vén. Eu xa lles dixen que se isto no sucedía utilizaría todos os medios ao meu alcance para esixir que se cumpra a palabra que me deron cando se pechou.

2ª-Con respecto ao mercado de Guitiriz e a Feira de Parga, sabe cando se poden abrir?

Resposta: O mercado de Guitiriz levamos dous mércores facéndoos. En canto a Feira de Parga, falei cos responsables da feira e pedíronme axuda para abrir o 14 de xuño.

3ª- A cantas empresas dos servizos externalizados rescindíuselles o contrato? Pódeme dicir a cantas?

Resposta: suspéndemos o contrato das empresas que estaban lavando as escolas de pargos e madrugadores.

A escola de música continuou dando clases on line, reduciuse un pouco a actividade dos nenos/as que quixeron puideron seguir dando as clases on line.

A alcaldesa aclara que foi unha suspensión temporal do contrato, non rescisión.

4ª- Cobróuselle aos usuarios/as o mes de marzo do servizo de actividades deportivas?

Resposta: cobróuselle ata o 14 de marzo, a partir do 14 non se cobrou nada.

5ª. Váiselles cobrar aos empresarios os impostos preceptivos?

Resposta: deste tema falamos na reunión que tivemos cos portavoces dos distintos grupos acordamos intentar axudalos de forma mais viable para todos/as e en lugar de suspender de impostos falamos que sería mais viable darlles unha axuda para que esos pagos quedaran cubertos.

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 3QLF4Z35TQXS9VZ6R44XXVDEL | Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 25/50



Concello de Guitiriz

6ª- Como se adjudicou o contrato marco do servizo de arquitectura técnica?

Resposta: o contrato e menor e non maior.

Di o portavoz do PP que no concello hai unha arquitecta técnica ao que a alcaldesa responde que hai determinadas cousas que non. pode facer.

O Secretario do concello explica que é un tema de carga de traballo, a arquitecta técnica municipal non pode asumir todas as funcións. Antes facíanse con dous arquitectos técnicos pero agora a técnica municipal non pode asumir todo ese traballo co que unha parte do traballo, o que é redacción de proxectos e direccións de obra, téñense que externalizar nunha empresa especializada. Tampouco se pode crear de novo esa praza polas limitacións das leis de presupostos, polo momento.

Resposta o portavoz do PP, estou de acordo co que dices pero para eso esta o servizo de arquitectura da Deputación de Lugo que se dedican a facer proxectos para os concellos. Con isto non estou dicindo que non este de acordo con que se lle dese a alguén de Guitiriz, como dixo a alcaldesa que así foi, pero creo que si a Deputación pode, débese de facer, para iso esta.

O Secretario di que se pode facer a consulta, pero se cadra é para un proxecto puntual, pero si fose recorrente e sucesivo sería complicado, sobre todo por temas de prazos.

A alcaldesa comenta que se fará a consulta e diráselles algo.

7ª- Unha factura de “Autos Lozano” de data 31/03/2020, pódeme dicir de que é esa factura?

Resposta: contesto no seguinte pleno. Creo recordar que foi unha colaboración que pediu o instituto para facer unha viaxe cos nenos/as pero non a tiñan presupostada e non tiñan recursos para pagar o autobús.

De todas formas xa o confirmarei.

Pregunta o portavoz do PP, en relación con isto, Autos Lozano de onde é? Deberíamos primar as empresas de Guitiriz e Parga, xa que supoñen postos de traballo para Guitiriz.

A alcaldesa contesta que ela xa dixo que todo o que se permita facer coa lei por diante, ía facelo con empresas de Guitiriz e con respecto a iso non hai variación pola miña parte, pero e un contrato anterior a miña chegada.

8ª- Canto investiu o concello en EPIS (mascarillas, batas, xel hidroalcohólico)?

Resposta: contesto no seguinte Pleno.

9ª- Vai abrir a piscina municipal?

Resposta: estámolo intentando, a ver si o conseguimos.

Comenta o portavoz do PP, que antes escoitou ao o Sr. Pereira dicir que se limpou a natural, pero a mín gustaríame que se limpara o río Parga polo menos na zona do Club dende a Ponte ata o Muiño.

10ª- A empresa adjudicataria da Casa da Botica vai facer a obra ou a vai a subcontratar?

Resposta; a obra da Casa da Botica contratouna a Deputación non o concello. O concedeulle a licenza.

Pregunta o portavoz do PP se ten a empresa “Joca” presentados os avais para devandita ob

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Responde a alcaldesa que ela entende que esos avais tenos que presentar na administración que adxudicou a obra.

Pregunta o portavoz do PP si sabe a data de inicio e finalización das obras?

Responde a alcaldesa que están publicadas na paxina da Deputación.

11ª- Pódenos dicir dende que comezou o estado de alarma canto material enviou a Xunta?

Resposta: está todo publicado na páxina do concello, o material que enviou a Xunta, a Deputación e Administración do Estado.

Grupo BNG:

1ª-Estanse desinfectando os aparellos de ximnasio para maiores que hai no concello?

Resposta: refírese aos parques biosaludables?. En principio tano os parques infantís como eses parques non se poden utilizar.

O portavoz do BNG di que o parque dos Sete Muíños ten unha cinta pero ao lado do rio hai catro aparellos e estanos utilizando a xente maior.

A alcaldesa comenta que toma nota, pero que en principio non se deberían utilizar.

2ª-Explíquenos que esta a pasar co camiión novo de recollida de lixo?

Resposta: instamos a empresa adxudicataria por escrito para que nos cambie a caixa do camiión que aparentemente saíu defectuosa. O camiión aínda esta en garantía e estamos traballando para que fagan o que teñen que facer, que é darnos un camiión en condicións. Por iso non podemos desfacernos aínda do outro.

3ª-Están a baleirarse os puntos de recollida de plásticos agrícolas?

Resposta a tenente de alcalde Paula: Estivo suspendido a recollida en planta durante o Estado de Alarma, pero agora a empresa comunicounos que xa se pode volver a empezar co que volvíamos a empezar a limpar.

4ª-Como está a limpeza das rutas que hai no concello?, xa sei que a Ruta da Auga está limpiando.

Resposta: empezamos aí agora que podemos alternar nun pouco mais as labores de desinfección que ata agora foron moi laboriosas porque desinfectáronse todos e cada un dos edificios municipais, limpeza de contenedores etc., entón agora unha parte dos traballadores do concello púxose a desbroces.

Comenta o portavoz do BNG, que no tramo que vai hacia Senande non se anda.

5ª-Ten pensado facer algo o concello co camiión estacionado dende fai meses na Avda. de Guitiriz fronte a talleres Carro?

Resposta: Non sabia que había un camiión dende hai meses aí.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

6ª-Pode explicarnos o do seguro de 534 € dunhas placas solares, senón funcionan?

Resposta: Non sei ha que placas se refire ese seguro exactamente, pero xa miro e o explico.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 3QLF4Z35TQXSW2E56PEXXYDEL | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 25 a 25